



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

### **ACORDO 16 DO PLENO DO 25 DE MAIO DE 2005.**

**Dezaseis.-** 1.- De conformidade co disposto no artigo 82.1.4º da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, -adicionado polo artigo 45 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero-, as seccións penais ou mixtas das audiencias provinciais que seguidamente se citan, agrupadas por comunidades autónomas, asumirán con carácter exclusivo o coñecemento das materias de violencia sobre a muller nos termos do artigo 1 da mencionada Lei orgánica e concretamente, e con tal carácter de exclusividade, o coñecemento dos recursos que estableza a lei contra as resolucións en materia penal ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller e das sentenzas e recursos contra as resolucións ditadas nestas materias reguladas na Lei orgánica 1/2004 polos xulgados do penal con sede nas provincias respectivas, que asumirán igualmente co mesmo carácter exclusivo o coñecemento de todos aqueles asuntos en que corresponda á audiencia provincial o axuizamento en primeira instancia dos procedementos instruídos polos xulgados de violencia sobre a muller das respectivas provincias, exceptuándose os xuízos da competencia do tribunal do xurado:

COMUNIDADE AUTÓNOMA	AUDENCIA PROVINCIAL	SECCION ESPECIALIZADA
ANDALUCÍA	ALMERIA	SECCIÓN TERCEIRA
	CÁDIZ	SECCIÓN TERCEIRA
	CÓRDOBA	SECCIÓN PRIMEIRA
	GRANADA	SECCIÓN SEGUNDA
	HUELVA	SECCIÓN PRIMEIRA
	XAÉN	SECCIÓN TERCEIRA
	MÁLAGA	SECCIÓN OITAVA
	SEVILLA	SECCIÓN CUARTA
ARAGÒN	HUESCA	ÚNICA SECCIÓN
	TERUEL	ÚNICA SECCIÓN
	ZARAGOZA	SECCIÓN PRIMEIRA
ASTURIAS	OVIEDO	SECCIÓN TERCEIRA
BALEARES	PALMA DE MALLORCA	SECCIÓN SEGUNDA
CANARIAS	LAS PALMAS DE GRAN CANARIA	SECCIÓN SEGUNDA
	SANTA CRUZ DE TENERIFE	SECCIÓN QUINTA
CANTABRIA	CANTABRIA	SECCIÓN TERCEIRA
CASTELA E LEON	ÁVILA	ÚNICA SECCIÓN
	BURGOS	SECCIÓN PRIMEIRA
	LEÓN	SECCIÓN TERCEIRA
	PALENCIA	ÚNICA SECCIÓN
	SALAMANCA	ÚNICA SECCIÓN



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

	SEGOVIA	ÚNICA SECCIÓN
	SORIA	ÚNICA SECCIÓN
	VALLADOLID	SECCIÓN CUARTA
	ZAMORA	ÚNICA SECCIÓN
CASTILLA-LA MANCHA	ALBACETE	SECCIÓN SEGUNDA
	CIUDAD REAL	SECCIÓN SEGUNDA
	CUENCA	ÚNICA SECCIÓN
	GUADALAJARA	ÚNICA SECCIÓN
	TOLEDO	SECCIÓN SEGUNDA
CATALUÑA	BARCELONA	SECCIÓN DÉCIMA
	GIRONA	SECCIÓN TERCEIRA
	LLEIDA	SECCIÓN PRIMEIRA
	TARRAGONA	SECCIÓN SEGUNDA
COMUNIDAD VALENCIANA	ALACANTE	SECCIÓN PRIMEIRA
	CASTELLÓN	SECCIÓN SEGUNDA
	VALENCIA	SECCIÓN PRIMEIRA
ESTREMADURA	BADAXOZ	SECCIÓN PRIMEIRA
	CÁCERES	SECCIÓN SEGUNDA
GALICIA	A CORUÑA	SECCIÓN PRIMEIRA
	LUGO	SECCIÓN SEGUNDA
	OURENSE	SECCIÓN PRIMEIRA
	PONTEVEDRA	SECCIÓN SEGUNDA
MADRID	MADRID	SECCIONS VIXÉSIMASEXTA E VIXÉSIMASÉTIMA
REXIÓN DE MURCIA	MURCIA	SECCIÓN PRIMEIRA
NAVARRA	NAVARRA	SECCIÓN SEGUNDA
PAÍS VASCO	ALAVA	SECCIÓN SEGUNDA
	GUIPÚSCOA	SECCIÓN PRIMEIRA
	BISCAIA	SECCIÓN SEXTA
A RIOXA	A RIOXA	ÚNICA SECCIÓN

2.- De conformidade co disposto no artigo 82.4 de la Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, -adicionado polo artigo 46 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero-, as seccións civís ou mixtas das audiencias provinciais que seguidamente se citan, agrupadas por Comunidades Autónomas, asumirán con carácter exclusivo o coñecemento dos recursos que estableza la Lei contra as resolucións en materia civil ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller das provincias respectivas:



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

AUTONOMIA ERKIDEGOA	PROBINTZIA AUZITEGIA	ATAL ESPEZIALIZATUA
ARAGÓN	ZARAGOZA	SECCIÓN SEGUNDA
CANARIAS	LAS PALMAS DE GRAN CANARIA	SECCIÓN TERCEIRA
CASTELA E LEÓN	BURGOS	SECCIÓN SEGUNDA
CATALUÑA	BARCELONA	SECCIÓN DUODÉCIMA
COMUNIDAD VALENCIANA	ALACANTE	SECCIÓN CUARTA
	CASTELLÓN	SECCIÓN SEGUNDA
	VALENCIA	SECCIÓN DÉCIMA
MADRID	MADRID	SECCIÓN VIXESIMA CUARTA
PAÍS VASCO	GUIPÚSCOA	SECCIÓN SEGUNDA
	BISCAIA	SECCIÓN CUARTA

3.- Naquelas audiencias provinciais en que se cree unha nova sección correspondente á programación do ano 2005 e, concretamente, se leve a dita creación en decembro desta anualidade, será ela a que definitivamente se especialice no coñecemento da materia penal relativa á violencia de xénero, previo acordo adoptado polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Polo tanto, a especialización que agora se realiza con referencia ás citadas audiencias debe entenderse como provisional.

4.- As seccións que se especializan no presente acordo das audiencias provinciais de Cádiz, Málaga, Asturias, Alacante, A Coruña, Pontevedra e Murcia estenderán nesta materia a súa competencia a todo o seu ámbito territorial,, incluíndo o das seccións desprazadas. Igualmente, estenderá nesta materia a súa competencia a todo o seu ámbito territorial a sección primeira da Audiencia Provincial de Badaxoz, incluíndo o da súa sección con sede en Mérida.

5.- As restantes seccións das audiencias provinciais afectadas por estas medidas que estean coñecendo de asuntos relativos á violencia de xénero conservarán, ata a súa conclusión, o coñecemento dos procedementos desta clase pendentes ante elas.

6.- Dado que a atribución do coñecemento da materia relativa á violencia de xénero se efectúa de forma exclusiva pero no excluínste, as salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza, no exercicio das súas atribucións e previa proposta dos maxistrados das audiencias afectadas adoptarán, se é o caso, con respecto ás seccións das audiencias provinciais para as que agora se adopta a medida de especialización no coñecemento desta específica materia, os pertinentes acordos de modificación de normas de reparto ou da súa redución, cando así o aconselle a entrada de asuntos a que fai referencia a Lei



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

orgánica 1/2004, do 28 de decembro, e dos restantes correspondentes á xurisdición penal ou civil que teñen encomendada, para evitar desequilibrios nas cargas de traballo das respectivas seccións e que poidan dar lugar a disfuncións no correcto funcionamento dos servizos xudiciais.

7.- As presentes medidas producirán efectos desde o día 29 de xuño de 2005.

8.- Iníciense os trámites para a atribución en exclusiva do coñecemento da materia relativa ao dereito de familia ás seccións segunda da audiencia provincial de Zaragoza, terceira da audiencia provincial de Las Palmas de Gran Canaria, duodécima da Audiencia Provincial de Barcelona, cuarta da Audiencia Provincial de Alacante, segunda da Audiencia Provincial de Guipúscoa e cuarta da Audiencia Provincial de Biscaia, que no presente acordo se especializan no coñecemento dos recursos que estableza a lei contra as resolucións en materia civil ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller das provincias respectivas.

9.- Polo que respecta ás seccións civís da Audiencia Provincial de Madrid que teñen atribuído en exclusiva o coñecemento da materia propia do dereito de familia, unha vez que se avalíe a entrada de asuntos de violencia de xénero correspondentes ao segundo semestre do ano 2005 iniciaranse, no caso de considerarse procedente, os trámites para a especialización nesta materia da sección vixésima segunda, sempre que a dita entrada de asuntos así o aconselle.

10.- Iníciense os tramites para a atribución en exclusiva do coñecemento da materia propia de dereito de familia a unha concreta sección das audiencias provinciais de Córdoba, Granada, Málaga, Sevilla, Zaragoza, Oviedo, Palma de Mallorca, Santa Cruz de Tenerife, Cantabria, Valladolid, Tarragona, Badaxoz, A Coruña, Pontevedra, Murcia, Navarra e Álava, en cuxas provincias teñen a súa sede xulgados especializados nesta materia, como trámite previo á súa especialización no coñecemento de recursos que estableza a lei contra as resolucións en materia civil polos xulgados de violencia sobre a muller das provincias respectivas.